

ADAPTACIÓN DA
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO: 2019-2020

CENTRO: C.E.I.P. Os Tilos

CURSO: 4º E. Primaria

DATA: 11-05-2020

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación respectando a quenda de palabra, escoitar.	Participa por iniciativa propia, respondendo a preguntas e aportando ideas, opinións e sentimentos.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	Distingue distintas tipoloxías textuais entre os textos do seu contorno.
Reproducir textos axeitados á súa idade, utilizando as distintas extratexias de comunicación oral.	Reproduce un conto (seis oracións mín.), un poema (tres estrofas de 4 versos mín.), unha noticia (50 palabras mín.)
Utilizar as tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca a información necesaria sobre un determinado tema.
Producir textos, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	Describe a un ser vivo ou un obxecto, resume un conto, redacta unha noticia, mensaxe ou carta, escribe unha receita.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, gramática, vocabulario, así como as regras ortográficas.	Clasifica palabras segundo as seguintes categorías gramaticais: nome, adxectivo, verbo e pronome.
Desenvolver extratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Expresarse, a nivel oral e escrito, ordenando correctamente as palabras para que a mensaxe sexa coherente.
Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, contos...	Inventa o final dun conto incompleto.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Participar en situacións de comunicación respectando a quenda de palabra, escoitar.	Participa por iniciativa propia, respondendoa preguntas e aportando ideas, opinións e sentimentos.
Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.	Distingue distintas tipoloxías textuais entre os textos do seu contorno.
Reproducir textos axeitados á súa idade, utilizando as distintas extratexias de comunicación oral.	Reproduce un conto (seis oracións mín.), un poema (tres estrofas de 4 versos mín.), unha noticia (50 palabras mín.)
Utilizar as tecnoloxías da Información e a Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Busca a información necesaria sobre un determinado tema.
Producir textos, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.	Describe a un ser vivo ou un obxecto, resume un conto, redacta unha noticia, mensaxe ou carta, escribe unha receita.
Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, gramática,vocabulario, así como as regras ortográficas.	Clasifica palabras segundo as seguintes categorías gramaticais: nome, adxectivo, verbo e pronome.
Desenvolver extratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	Expresarse, a nivel oral e escrito, ordenando correctamente as palabras para que a mensaxe sexa coherente.
Coñecer e valorar os recursos literarios da tradición oral: poemas, contos...	Inventa o final dun conto incompleto.

MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.	<ul style="list-style-type: none">- Analiza e comprende o enunciado de problemas sinxelos das operacións básicas, contándoo con outras palabras.- Razona as operacións que hai que utilizar e o resultado dos problemas.
Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números: romanos, naturais, fraccións e decimais ata as centésimas.	Le, escribe e ordena números naturais de 7 cifras. Le, escribe e ordena series de fraccións, ben co mesmo numerador ou co mesmo denominador. Le, escribe e ordena números decimais con cifra de décimas e centésimas. Identifica o valor de cada unha das cifras en números de ata 7 cifras enteiras e 2 decimais.
Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	Descompón números naturais e decimais cun máximo de 7 cifras enteiras e 2 decimais. Aproxima números naturais ás decenas, centenas e millares. Aproxima números decimais ás unidades.
Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará: algoritmos escritos, cálculo mental, tenteo, estimación, calculadora; usando o máis adecuado	Sabe sumar e restar fraccións co mesmo denominador. É quen de realizar sumas, restas e multiplicacións con números decimais cun máximo de 7 cifras enteiras e 2 decimais.

CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Coñecer e utilizar as palabras clave e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.	Identifica a terminoloxía propia da área e comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico.
Coñecer a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas e analizar as súas influencias e consecuencias no medio que o rodea.	É quen de explicar a formación da litosfera e a dinámica de placas tectónicas sobre un gráfico e as súas consecuencias.
Explicar e comparar as distintas formas de representar a superficie terrestre identificando os polos, o eixe e os hemisferios e analizar cal delas reflicte mellor a realidade á que representa.	Identifica as distintas formas de representación da Terra(planos, mapas, planisferios e globos terráqueos) e localiza os polos, eixe, hemisferios e paralelos.
Explicar a hidrosfera, identificar e nomear masas e cursos de auga, diferenciando augas superficiais e augas subterráneas, cuncas e vertentes hidrográficas e analizar as partes dun río do medio próximo.	Describe a hidrosfera Sabe os dous lugares onde atopamos grandes masas de auga salgada e, alomenos, cinco de auga doce. Explica a formación das augas subterráneas e como afloran á superficie
Adquirir o concepto de litosfera, coñecer algúns tipos de rochas e a súa composición identificando distintos minerais e algunha das súas propiedades e usos. Facer especial fincapé nos que son propios de Galicia.	Identifica os minerais que forman o granito, rocha abundante en Galicia. É quen de explicar o proceso de formación das rochas magmáticas, sedimentarias e metamórficas; así coma nomear, alomenos, unha rocha de cada tipo.

CIENCIAS DA NATUREZA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborar con autonomía documentación sobre o proceso e presentala en diferentes soportes.	É capaz de localizar información para realizar un proxecto, explicando os resultados oralmente e por escrito, no caderno ou nun documento de texto no ordenador.
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo e os órganos máis importantes para o seu funcionamento.	Localiza os principais órganos vitais e sabe expresar a súa importancia no funcionamento do organismo
Identificar e clasificar, con criterios científicos, animais e plantas e rochas do seu contorno próximo, recoñecendo as súas características principais e buscar información en fontes variadas.	Identifica e clasifica animais vertebrados e invertebrados segundo as súas características básicas
Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para recoñecer os cambios de certos corpos diante da luz e os efectos de forzas coñecidas no movemento dos corpos.	É quen de explicar o comportamento dos tres tipos de corpos (transparentes, traslúcidos e opacos) segundo como actúan fronte á luz.

VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Estruturar un pensamento efectivo e independente, empregando as emocións de forma positiva.	Aplica o autocontrol na toma de decisións, na negociación e na resolución de conflitos.
Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso
Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.
Utilizar habilidades de escoita e o pensamento de perspectiva con empatía.	Respecta a quenda de palabra.
Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	Respecta e acepta as diferenzas individuais.

AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

Atendendo ao carácter continuo, global e formativo da avaliación neste trimestre valorarase as actividades desenvolvidas neste periodo tendo en conta:

- > Observación das tarefas realizadas escritas en diferentes soportes: folio, caderno, ordenador e actividades interactivas autocorrexibles..
- > Nivel de participación
- > Grao de implicación nas tarefas .

CUALIFICACIÓN FINAL

A avaliación deste trimestre realizarase sobre as cualificacións do primeiro e segundo trimestre e das actividades realizadas ao longo deste periodo,coas que poderán mellorar a cualificación pero non en prexucio do alumnado.

ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

Se seguen facendo actividades de recuperación e reforzo programadas coas outras actividades pensando no alumnado que teña algunha materia suspensa.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES

Ao longo deste trimestre levaremos a cabo actividades de reforzo e ampliación que permite continuar construíndo coñecementos ao alumnado, sempre tendo en conta que serán aproximacións as novas aprendizaxes, sendo estas incorporadas á programación do curso 2020-2021.

Por iso combinamos actividades escritas, proxectos , actividades interactivas... como as seguintes:

- > Lectura e elaboración dun resumo.
- > Localizar información nun texto.
- > Actividades que promoven a búsqueda de información.
- > Resolución de problemas.

Plantexamos actividades que potencien o interese pola aprendizaxe e permita manter un hábito de traballo.polo que empregamos os seguintes recursos:

- > aula virtual
- > páxinas webs
- > libreta ou folio
- > libros dixitais online
- > correo electrónico

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Unha vez comprobado que todo o alumnado ten conexión a internet empregamos a aula virtual como espazo para a comunicación das tarefas a realizar polo alumnado.

Mantuvimos unha comunicación coas familias e o alumnado a través da páxina virtual, correo electrónico e a través do teléfono para unha comunicación máis próxima coas familias.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (Departamento de Orientación)

- Creación da aula virtual.
- Contacto telefónico e/ou vía e-mail coas familias.
- Apoio emocional ás familias e ao alumnado.
- Establecemento de vínculos colaborativos entre as familias e o centro educativo.

